



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 25 DE AGOSTO DE 2016.

### Concelleiros asistentes:

Dª. Belén Chao Ramil  
D. Carlos Carballés Penabad.  
D. Mario Rouco Rey  
D. José Danilo Requeijo Castro  
Dª. Rosario Celia Rey López  
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día vinte e cinco de agosto de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación Antonio López Vila, reúñese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

### PARTE RESOLUTIVA.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES. Dáse conta das actas de sesións anteriores realizadas os días 30 de maio e 30 de xuño de 2016, das cales entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algúna observación, non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-las referidas actas.

2. FESTAS LOCAIS ANO 2017. Visto o escrito da Xefatura territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar, no que interesa proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2017; e vista a proposta do grupo de governo, o Pleno da Corporación en votación ordinaria co voto favorable dos sete membros que o compoñen, acorda:

Propoñer como festas locais en todo o termo municipal para o vindeiro ano 2017, o 28 de febreiro (martes de Entroido) e o 3 de xullo (San Pedro).

### PARTE DE CONTROL ORGANOS DA CORPORACIÓN.

#### 3. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

a) Resoluciós da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 24 de xuño, ata o 23 de agosto de 2016.

##### b) Informes Alcaldía.

- Toma a palabra o Sr. Alcalde para informar de que se están a contratar as obras incluídas no Fondo de Compensación Ambiental e no Plan Marco de mellora de camiños municipais 2016.

#### 4. ROGOS E PREGUNTAS.

Intervención do voceiro do grupo Popular José Danilo Requeijo Castro.

- O grupo Popular presentou unha moción na que se solicitaban varias obras á Deputación Provincial de Lugo e non foi aprobada, agora acaban de aprobar obras a Xermade por importe de 150.000,00 euros que había de fondos de 2015, polo que interesa máis atención a estas solicitudes.

- O Sr. Alcalde non recorda a moción, pero de todos xeitos hai compromiso que vai compensar 2015, este ano temos 73.000 euros e hai compromiso para mellorar o núcleo de Muras, do que inda non se fixo publicidade.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muros (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

- O concelleiro do PSdG-PSOE descoñece cando fixo a petición Xermade, tiveron reunión na Deputación e hai previsión de cara o futuro, como fomento do emprego, etc, non se perderon aquí 150.000 euros, estanxe presentando os orzamentos para o ano que ven.

O Sr. Alcalde tamén fai referencia a feitos que se produciron no último pleno e que non comparte, tivermos un alcalde 24 anos que se dedicaba a insultar a xente e agora non quere que se produzan eses feitos, terá que verse obrigado a suspender as intervencións a final da sesión si se perden as formas.

Así mesmo, fai mención o Sr. Alcalde a visita do Conselleiro de Industria a Ferroplast, non se avisou ao Alcalde o que considera unha falta de respecto, o normal e respectuoso sería reunirse co Alcalde, deixa moito que dicir dese xesto.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte horas e vinte minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,



O Secretario,

